

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE MAIO DE 2019

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de maio deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA PRIETO NIETO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 e 24 de abril de 2019.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a demolición do entresollado do edificio sito na avda. da Coruña, número 62; para demolición dos edificios existentes e construción de edificio de vivendas na rúa da Xesta, número 3; para modificación de cuberta no edificio existente para restitución da legalidade, restituíndo o volume ao seu estado inicial, sito na rúa Castelao, número 40 e para instalación de ascensor en oco existente no edificio de vivendas con licenza 720/92, sito na rúa Mazaira, número 61.

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición en relación coa licenza de modificación de cuberta do edificio sito na rúa de Castelao, número 40.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono 1, sector II, do Sunp "In-g" do PXOU de 1990 (Uzpi-2.I do PXOM vixente).

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar a proposta tribunal prazas de inspector/a da Policía Local.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a designación de responsables dos contratos de obra.



Acórdase a desistencia do procedemento de contratación tras a resolución núm. 78/2018 do tribunal administrativo de contratación pública de Galicia do 8 de abril de 2019 polo que se estima o recurso especial en materia de contratación na contratación da prestación do servizo de centro de día "Novo Antonio Candoy". Expte. Ref. 2018-92.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 173/2015 outorgada para construción dun edificio na rúa Manuel María, 28 – Túnel de Oural, 12.

ÁREA DE GOBERNO DE CONCELLO E CIDADANÍA

6. INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN-PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase o traspaso do posto 18 e cámara número 1 da Praza de Abastos Municipal.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Contratación da obra de remate da construción dun edificio destinado a Biblioteca da Piringalla conforme modificado de proxecto básico e de execución de edificio para Biblioteca municipal na Piringalla Lugo. Aprobación do proxecto de obra e do prego cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.



CSV: xuxAisxJqufVZFraK2+pZg==

SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 2 / 2

DATAS(UTC)
13/05/2019 12:15:43